



COMO SOLICITAR UNHA VALIDACIÓN DE MÓDULOS SE TEÑO ESTUDADO UN CICLO FORMATIVO

QUE ESTUDOS TEÑO CURSADO ANTERIORMENTE	Ciclo Formativo
DOCUMENTOS A PRESENTAR	1.- Modelo de solicitude (Anexo XIV), indicando de forma expresa na solicitude o código e a denominación exacta do módulo ou módulos profesionais para os que solicita a validación. 2.- Certificación académica oficial na que conste a cualificación obtida nas materias ou nos módulos profesionais cursados.
ONDE DEBO PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN	Na secretaría no calendario indicado ao final deste documento.
QUE MÓDULOS PODEN SER VALIDADOS	Os módulos profesionais que teñan os mesmos códigos, as mesmas denominacións, capacidades terminais ou resultados de aprendizaxe, contidos e duración, serán considerados módulos idénticos, independentemente do ciclo formativo ao que pertencen, e trasladaranse as cualificacións obtidas nos módulos profesionais superados a calquera dos ciclos nos que ditos módulos estean incluídos.
QUE PRAZO TEÑO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE DE VALIDACIÓN	O Prazo para solicitar as validacións que resolve o centro educativo será desde o día 20 de setembro ata o 8 de outubro de 2024.
IMPORTANTE	Mentres non se resolva a solicitude, a asistencia á clase é obrigatoria. O alumnado que valida algún módulo non terá dereito ao certificado de Prevención de riscos laborais de 60 h que se obtén ao finalizar o ciclo.
MAIS INFORMACIÓN	Na páxina web http://www.edu.xunta.gal/fp/validacion-modulos-profesionais ou no departamento de orientación do centro.

COMO SOLICITAR UNHA VALIDACIÓN DE MÓDULOS SE TEÑO ESTUDADO UNHA CARREIRA UNIVERSITARIA

QUE ESTUDOS TEÑO CURSADO ANTERIORMENTE	Carreira universitaria
DOCUMENTOS A PRESENTAR	<p>1.- Modelo de solicitude (Anexo V), indicando de forma expresa na solicitude o código e a denominación exacta do módulo ou módulos profesionais para os que solicita a validación.</p> <p>2.- Certificación académica oficial na que conste a cualificación obtida nas materias ou nos módulos profesionais cursados.</p> <p>3.- Orixinal ou copia simple dos programas oficiais das materias ou disciplinas cursadas, debidamente selados polo centro universitario correspondente.</p> <p>4.- Certificación da universidade na que conste que os programas que se xuntan son os realmente cursados e superados polo alumno o alumna.</p>
ONDE DEBO PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN	Na secretaría no calendario indicado ao final deste documento.
QUE MÓDULOS PODEN SER VALIDADOS	Os módulos profesionais e as materias de estudos universitarios oficiais que foran previamente validados, recoñecidos, ou superados por compensación, non poderán ser aportados para solicitar a validación de outros módulos profesionais.
QUE PRAZO TEÑO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE DE VALIDACIÓN	O prazo para solicitar as validacións que resolve o Ministerio de Educación e Formación Profesional. Este prazo iniciase o día en que comeza o curso escolar e remata o derradeiro día do mesmo. Só poderá presentarse unha única solicitude de validación por curso académico.
IMPORTANTE	<p>Mentres non se resolva a solicitude, a asistencia á clase é obrigatoria.</p> <p>O alumnado que valida algún módulo non terá dereito ao certificado de Prevención de riscos laborais de 60 h que se obtén ao finalizar o ciclo.</p>
MAIS INFORMACIÓN	Na páxina web http://www.edu.xunta.gal/fp/validacion-modulos-profesionais ou no departamento de orientación do centro.

COMO SOLICITAR UNHA VALIDACIÓN DE MÓDULOS SE TEÑO ESTUDADO UN CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE/UNIDADES DE COMPETENCIA

QUE ESTUDOS TEÑO	Certificado de profesionalidade/Acreditación de unidades de competencia.
DOCUMENTOS A PRESENTAR	<p>1.- Modelo de solicitude (anexo XIV), indicando de forma expresa na solicitude o código e a denominación exacta do módulo ou módulos profesionais para os que solicita a validación.</p> <p>2.- Certificación oficial da Administración competente, se as unidades de competencia foron adquiridas mediante un procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais establecido no Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo ou mediante certificados de profesionalidade elaborados a partir do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.</p> <p>3.- A data da acreditación das unidades de competencia ou dos certificados de profesionalidade debe ser anterior á formalización da matrícula.</p>
ONDE DEBO PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN	Na secretaría no calendario indicado ao final deste documento.
QUE PRAZO TEÑO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE DE VALIDACIÓN	O prazo para solicitar as validacións que resolve o centro educativo será desde o día 20 de setembro ata o 8 de outubro de 2024.
NOTAS	<p>A experiencia profesional e a formación non formal non poderán ser aportadas para a validación de módulos profesionais de títulos de Formación Profesional do sistema educativo, se non foron obxecto de recoñecemento a través dun procedemento de acreditación de competencias profesionais.</p> <p>Non é posible a validación de módulos achegando unha unidade de competencia obtida pola superación de módulos profesionais do sistema educativo, neste caso aplicaranse as táboas de validación entre módulos profesionais.</p>
IMPORTANTE	<p>Mentres non se resolva a solicitude, a asistencia a clase é obrigatoria.</p> <p>O alumnado que valida algún módulo non terá dereito ao certificado de Prevención de riscos laborais de 60 h que se obtén ao finalizar o ciclo.</p>
MAIS INFORMACIÓN	Na páxina web http://www.edu.xunta.gal/fp/validacion-modulos-profesionais ou no departamento de orientación do centro.



PRAZOS DE ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN PARA VALIDACIÓNS

CICLOS CON HORARIO DE MAÑÁ POR FAMILIA PROFESIONAL

CICLOS DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS (AFD)	VENRES e MARTES	de 09:00 a 13:30 h
CICLOS DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA (ELE)	LUNS e XOVES	de 09:00 a 13:30 h
CICLOS DE INSTALACIÓNS E MANTEMENTO (IMA)	MARTES e MÉRCORES	de 09:00 a 13:30 h
CICLOS DE ENERXÍA E AUGA (ENA)	XOVES e VENRES	de 09:00 a 13:30 h
CICLOS DE MARÍTIMO PESQUEIRA (MAP)	LUNS e MÉRCORES	de 09:00 a 13:30 h

CICLOS CON HORARIO DE TARDE

PODERÁN VIR NO HORARIO DA MAÑÁ COA FAMILIA PROFESIONAL QUE LLE CORRESPONDA OU EN HORARIO DE TARDE O XOVES 26 DE SETEMBRO E 3 DE OUTUBRO DE 2024. HORARIO de 13:30 H a 19:00 H

DATA LÍMITE DE ENTREGA DE SOLICITUDES: 8 DE OUTUBRO DE 2024